

# No ano da memoria Versos inéditos de tema francófono e filomarxista na musa do helenista Evaristo de Sela (1917-1994)

*In the year of memory. Unpublished lines about francophobo and  
“filomarxist” in the muse of the Hellenist Evaristo de Sela (1917-1994)*

**Xesús ALONSO MONTERO**

Universidade de Santiago de Compostela

## **RESUMO**

Este artigo é unha aproximación á traxectoria existencial e creadora de Evaristo de Sela, marcada polo medo e pola represión.

**PALABRAS CHAVE:** helenista, antifranquista, anticapitalista, execración.

ALONSO MONTERO, X. (2006): “No ano da memoria. Versos inéditos de tema francófono e filomarxista na musa do helenista Evaristo de Sela (1917-1994)”, *Madrygal (Madr.)* 9: 11-14.

## **RESUMEN**

Este artículo es una aproximación a la trayectoria existencial y creadora de Evaristo de Sela, marcada por el miedo y la represión.

**PALABRAS CLAVE:** helenista, antifranquista, anticapitalista, execración.

ALONSO MONTERO, X. (2006): “En el año de la memoria, Versos inéditos de tema francofobo y filomarxista en la musa del helenista Evaristo de Sela (1917-1994)”, *Madrygal (Madr.)* 9: 11-14.

## **ABSTRACT**

The article is an approximation to the existential and creative Evaristo de Sela career, conditioned by fear and repression.

**KEY WORDS:** Hellenist, antifrancoist, anticapitalist, execration.

ALONSO MONTERO, X. (2006): “In the year of memory. Unpublished lines about francophobo and “filomarxist” in the muse of the Hellenist Evaristo de Sela (1917-1994)”, *Madrygal (Madr.)* 9: 11-14.

Evaristo de Sela, un dos grandes nomes das Letras galegas, é un descoñecido mesmo para moitos profesionais das nosas Letras. Eu honróme de figurar entre a minoría que admira a súa obra. Pero ¿quen é Evaristo de Sela e que fixo, que páxinas achegou ó discurso literario galego?

Evaristo de Sela é o pseudónimo de Evaristo González Fernández, nado en Sela (Arbo, Pontevedra) o 2 de marzo de 1917 e falecido en Vigo o 28 de xuño de 1994. Traballou, calado e anónimo, anos e anos, décadas, na tradución galega dos dous grandes poemas homéricos, traballo que viu a luz en 1990 (*Iliada*) e en 1992 (*Odisea*). Da primeira epopea xa nos adiantara os tres primeiros cantos en 1977, un tempo no que ninguén traducía, entre nós, nin do grego homérico nin doutros autores do grego antigo. Xa xubilado como catedrático de Filoloxía grega no Instituto San Tomé de Freixeiro, de Vigo, impartíu clases de grego moderno, gratuitamente, no mesmo centro. Froito deste interese, desta paixón, foi o libro *Poesía neohelénica (1708-1977)*, publicado póstumo, no ano 2001.

Nunca foi Evaristo de Sela militante do galeguismo político, nin antes nin despois de 1936, e, en canto á súa presenza na actividade cultural, sempre estivo alleo a cenáculos, grupos e institucións. Dedicou gran parte da súa vida a impartir clases, primeiro na súa casa e no ensino privado, e logo en varios Institutos. Pero Evaristo de Sela, que non militaba no galeguismo, foi sempre un cidadán curioso e moi atento ás súas raíces culturais e sociais. Foi na prisión de Caldas de Reis, nos días tráxicos do 36, onde se comprometeu intimamente coa idea de traducir ó galego os dous grandes poemas homéricos. Non foi unha decisión política, foi unha especie de fonda intuición filolóxica. Noites e noites, na dureza da prisión, facíase esta pregunta: “¿Como soarán os hexámetros de Homero na nosa lingua; na miña fala de Sela, onde eu aprendín o galego? ¿Como se percibirán eses maravillosos versos no falar da miña xente?”

Tardou en acometelo, porque tardou en ter a debida pericia no dominio e na percepción literaria do grego antigo. Evaristo de Sela, que cursara varios anos a carreira eclesiástica, en Tui e en Marquain (Bélxica), cumpría no verán de 1936 o servizo militar en Pontevedra. Arrepiado co que presenciou, el, un veterano e un cabo desertaron. Capturados en Monção, empeza o seu exodo carcerario o 19 de setembro dese ano: Pontevedra, Caldas de Reis, illa de San Simón, penal de San Cristóbal (Pamplona), Miranda de Ebro e

Fuerteventura, de onde sae o 23 de xullo de 1942. Abrumado de clases no ensino privado, logra examinarse das materias de Bacharelato e cursar, por libre, a carreira de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago, onde se licencia en xuño de 1960.

Como helenista, Evaristo de Sela foi sempre un autodidacta, pois a especialidade de Filoloxía Clásica non existía, neses anos, na Facultade de Letras compostelá, que só ofrecía os estudos de Xeografía e Historia. En 1963 gaña por oposición a adxuntía de Grego no Instituto de Vigo e, anos despois, de novo en Vigo, a cátedra. En todos estes anos viviu aterrorizado polo franquismo. Nun dos colexios onde foi profesor, os alumnos escribían no encerado antes de que el entrase na aula: “Chino, rojo” (o de “chino” era por certos trazos orientais da súa cara). O profesor, don Evaristo González Fernández, antes de iniciar a clase do día, borraba a pintada fascistiña sen emitir o menor comentario. Eu, que o tratei moito desde 1980, sei ben o aterrorizado que estaba desde o verán do 36. Saíu con medo da cadea e con medo vivíu, case corenta anos, fóra dela. Era desas persoas incapaces de suxerir, en público, a menor disconformidade. Intimamente antifranquista, moralmente incompatible cos usos e abusos dos vencedores, foi acumulando durante catro décadas un sentimento de carraxe que o levou, nos anos finais da ditadura, a explotar en privado, tan en privado que a explosión cristalizou en poemas escritos na intimidade do seu despacho e que só, anos despois da morte do Tirano, algúns chegamos a coñecer.

Hai un día, unha noite, a do 20 de novembro de 1975, aquel home tantos anos calado e angustiado, tantos anos encadeado na prisión do seu medo, trouse (sic) 174 versos que o libran de tanto terror, de tantas angustias e de tantas humillacións. ¡Acababa de morrer o responsable esencial dos seus medos! Nesta terapia — unha das funcións da poesía — Evaristo de Sela non se reprime no trance de escribir “Responso indignado (Coplas de maldecir ante el cadáver de Franco)”:

Yo a ti, sin piedaz, te execro y te digo:  
Maldito yazgas sin paz ni reposo  
[...]  
Asesino de auroras,  
tú degollaste a la niña inocente,  
tú masacraste a la niña confiada,  
tú traicionaste el catorce de abril,  
frío Herodes de España.  
Sanguinario profeta

de una nueva imposible, Edad Media  
 [...]
   
Oh, los sicarios del Capitalismo,  
 oh, el ergástulo santo, asesino.  
 Oh, el Ejército, Franco, la Iglesia,  
 el Fascismo,  
 “salvadores” de España.  
 [...]
   
¡tú clavaste el terror!  
 El terror en los ojos,  
 el terror en los labios  
 y el terror de escuchar.  
 El terror de las Fuerzas Armadas,  
 el terror de la Iglesia y del Clero,  
 el terror de Falange,  
 el terror de los ricos,  
 el terror de los “buenos”,  
 el terror de los curas,  
 el terror de las monjas  
 [...]
   
y el terror infinito de Dios.  
 [...]
   
Tú ensuciaste la lengua española  
 con la prosodia letal  
 de la gramática nazi-fascista,  
 en el nombre de un tétrico Dios.

Quen lea, enteiro, o poema, decatarse de que Evaristo de Sela tiña talento para a “execratio”, neste caso, unha execración auténtica, non retórica. Naquela circunstancia, a do 20 de novembro de 1975, os 174 versos abrollaron do espírito do escritor como unha necesidade elemental, e foron, por conseguinte, a expresión auténtica do seu estado de ánimo. A invectiva liberou ó autor de corenta anos de medo, de corenta anos de terror.

A “execratio” contén, por outra parte, dun xeito sintético, o conxunto de elementos que lle permiten descubrir ó historiador os elementos e as forzas coas que Franco construíu o imperio do seu terror: o Exército, a Igrexa Católica (co propio Papa), a Falanxe, os Ricos... Nesta ladaíña de forzas escuras e terribles figuran, tamén, “los sicarios del capitalismo”. O capitalismo, como branco das súas invectivas, aparece noutros poemas, todos posteriores a 1970. Con Franco case agonizante, o noso poeta, no silencio da noite e na intimidade do seu despacho de helenista, escribe, por exemplo, “Letanías para o dezaioito de xullo” (20-6-1975).

[...]
   
Todo o que eles fan  
 é por me salvar.  
 ¿Róubanme o que é meu?

–É por me salvar  
 [...]
   
¿O capitalismo?  
 –É por me salvar. ¿O clericalismo?  
 – ¡É por me salvar! ¿O militarismo?  
 – ¡É por me salvar!  
 [...]

Hai un poema anterior, do 1 de outubro de 1971, titulado “Hispania versus Franco”, que contén esta dedicatoria: “A Franco Cero el Usurpador, en el 35 aniversario del Aplastamiento Nacional, con motivo de la concentración provocada de la Plaza de Oriente”. Como diatriba contra Franco, preludia, nalgúns versos, a que escribiu o día da morte física do Tirano, pero o que agora importa resaltar é un fragmento claramente procomunista:

Sois...  
 los mismos de siempre.  
 Lleváis siglos, siglos y siglos,  
 chupando la sangre del Pueblo.  
 Los templos, palacios,  
 las obras de arte,  
 de todas las eras, de todos los tiempos,  
 están contruídos con sangre del Pueblo.  
 La vida lujosa, que habéis disputado,  
 salió de la sangre del Pueblo.  
 Las guerras, que habéis encendido,  
 se hicieron con sangre del Pueblo.  
 Y ahora,  
 después de años mil,  
 hipócritamente,  
 hipócritamente,  
 habláis de justicia social,  
 tan sólo por ver de evitar “lo peor”.  
 Mas no engañaréis a los pueblos del Mundo,  
 que saben  
 de dónde ha venido  
 la luz de la liberación:  
 más hizo el Marxismo por la Humanidad en cien  
 [años,  
 de un modo directo o indirecto  
 que todos los credos que al Hombre explotaron,  
 en miles y miles de años,  
 en miles y miles de años,  
 con nombres diversos,  
 con nombres diversos,  
 e igual opresión,  
 e igual opresión.

Meses despois, o 12 de marzo de 1972, ante a noticia da morte dun obreiro en Ferrol, escribe, en lingua galega, “Un galego caíu” (Amador Rey Rodríguez, venres, 10 de marzo de 1972). Comeza o epicedio con estes versos:

Pola rúa camiñan afoutos,  
son os homes do pobo que fan o traballo.  
Piden pan para os seus fillos,  
nada poden temer.  
Eles tiñan ouvido despois moitas cousas  
do réxime nazi-fascista  
que nacera da morte e do medo.  
Dunha guerra feroz que fixeran os grandes  
para manter a opresión dos pequenos,  
co exército, a eirexa e as dereitas,  
coma vermes do capitalismo

Cando alguén escriba polo miúdo a biografía de Evaristo de Sela terá que referirse a aquel seminarista que, poucos anos despois, atacou á Igrexa Católica na Sublevación do 18 de xullo de 1936, belixerancia que, en parte, aínda mantén. Ese biógrafo terá que precisar en que momento o crente de onte deixou de selo, quizais no momento, arredor de 1968, en que o seu pensamento se fai máis anticapitalista, tanto que, xa en 1971, escribe inequívocos versos filomarxistas.

#### Post Scriptum.–

Xa redactado o presente artigo, Stella Maris González Balbuena, filla de Evaristo de Sela, infórmame que, nos últimos anos da súa vida (xa morto Franco, o paladín do Terror), sempre que o noso escritor, co gallo dalgunha festa familiar,

tomaba medio vasiño demais, cantaba, enérxico e runfante, esta canción, xerada, sen dúbida, na Revolución de Asturias de 1934:

Adelante, adelante,  
ya te llama  
la legión proletaria  
a pelear.  
Somos hijos  
de la rebelde Asturias  
y luchamos  
por la libertad.  
¡Viva la unión,  
viva la unión,  
muera el cobarde  
que no se aliste  
en la legión!  
¡UHP!  
Arroja la bomba  
que escupe metralla  
[...]

Estrela non lembra máis versos. A ela, querida amiga e colega (é profesora de Francés nun Instituto de Vigo), debo todos os poemas que cito, aínda inéditos, agás o do 20 de novembro de 1975, do que me proporcionou unha copia o mesmo autor pouco antes do seu pasamento. Publiqueino, enteiro, no meu libro *Os poetas galegos e Franco* (Madrid, Akal editor, 1997, pp. 200-204).